

II CERTAME LITERARIO

CONCELLO DE PARADELA

PREMIOS

POESIA E NARRATIVA

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ

PARADELA (LUGO), 1996

SEGUIMOS COA NOSA ANDAINA

Rematado xa o II CERTAME LITERARIO MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ, e co motivo de preparar a publicación dos traballos premiados, a súa vez convocamos o III CERAME LITERARIO coa ledicia de seguir no bo camiño que o noso *irmán e fillo predilecto de Paradela* nos ensinou coa súa obra, co seu exemplo de ser “**AVIVECEDOR DO SENTIR NOSO**” (**amor ás nosas xentes, á nosa terra, ó noso enxebrismo; nunha palabra, á nosa Galicia**).

Comezo estas verbas, coa felicitación ós gañadores polas súas obras, destacando a gran concurrencia e calidade dos traballos presentados, tendo que empregarse moi a fondo o xurado, e ainda así atopáronse coa satisfacción de ter que otorgar dous accésits.

Aproveito asimesmo estas liñas para agradecer ós membros do xurado a súa labor e colaboración.

Novamente convidamos a todos aqueles que sinten o amor pola PALABRA, polas letras, e gozan desa sensibilidade especial que a convirten no espírito dun pobo, a participar neste terceiro certame na memoria do noso Ilustre Fillo.

A ledicia que nos trae á memoria o recordo de MANUEL-ORESTES, é compartida nestas datas, cunha profunda dor de corazón, pois acabamos de ver como uns desalmados quitaron a vida a un xove de orixe galega sen causa

nin motivo; soamente por ser demócrata, boa persoa, xeneroso e traballador, MIGUEL ANXO BLANCO GARRIDO, que o mesmo ca MANOLO era emigrante.

Lémbrome neste ano adicado a D. ANXEL FOLE, da visita que no 1985 fixeron D. ANXEL, D. BENXAMIN ANDRADE e ti, MANUEL-ORESTES. Tivemos a sorte de gozar da vosa sabiduría e dos vosos coñecementos. Estou a recordar cando na Casa de Teodoro de Mosteirovello, na parroquia de Castro de Rei de Lemos, falabamos da guerra e da postguerra. Lembrando a diversos persoaxes, O GARAVITO, O ELIAS, O BOMBAS, O PILOTO, etc., Benxamín Andrade fixo o comentario de que O PILOTO nunca fora tal, e neste di D. Anxel: "No cuartel ocorren as cousas máis extrañas. Sendo eu recluta, tiñan necesidade dun cabo e nomeáronme a min sen máis; e voulles contar a vostedes e logo xulguen.

- Xa saben que o día anterior a facer "guardia" toca "imaxinaria". Eu pregunteille ó meu superior qué quería dicir "servicio de imaxinaria" e contestoume: "que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente". ¡Pásmense vostedes! -dixo con xeito denunciador-, o oficial non sabía que o exército romano tiña uns miltes chamados "servicio de imaxinaria", que eran os encargados de alimentar as luces de aceite para alumear as imaxes que presidían as Centurias e as Lexiōns"

Recordado isto, feiro inolvidable, os Paradelenses, Lucenses e galegos gozamos xa de tres IMAXINARIAS exemplares, de óptima valía e extraordinaria riqueza: D. ANXEL FOLE, o xove MIGUEL ANXO BLANCO GARRIDO e MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ, vieiros cheos de deslumbrante claridade e exemplarizante labor. Dende a vosa posición privilexiada a carón de Deus, un recodo coas bágoas nos ollos, e co corazón cheo de ledicia por ter compartido con vostedes horas entrañables e o edificante exemplo do noso MARTIR GALEGO Miguel Anxo.

Paradela, 16 de xullo de 1997.

O ALCALDE

Asdo.: Xosé Manuel Mato Díaz

NOVA CONVERSA CON MANOLO, O VECIÑO E AMIGO

Teño a certeza de que Manolo e máis eu, xunto coa abondosa coroa de vello amigos, imos vivir outro momento entrañable, outro novo e sempre desexado encontro, unha nova e esperada conversa co bo veciño e amigo. Tamén estou seguro de que van a sente-lo mesmo os galardoados deste ano, os novos amigos que están a medrar ó redor da súa figura e todos aqueles que, outro ano máis, van te-la oportunidade de se atopar con este libro que o Concello de Paradela adica, con moito agarimo e bo acerto, ó seu “**Fillo Predilecto**” Manuel-Orestes Rodríguez López, co gallo do certame anual de Poesía e Narrativa, que leva o seu nome e que, entre todos témo-la obriga de axudar a consolidar. Sobre todo, os seus veciños e amigos.

¡Velaí un anaquiño da historia dunha vida alucinante que eu tiven o gozo e maila sorte de compartir durante algún tempo! Alédome dispor desta oportunidade de poder “**revivila co amigo**” e tamén de poder “**dala a coñecer**” ós demáis. A ámbolos dous nos reinou sempre comparti-las nosas vivencias. El deixóunolo marabillosamente demostrado na súa vida e nos seus libros. E a min ofrecéuseme esta ocasión que, certamente, agradezo.

Coñecín a Manolo aló polos anos cincuenta. En tempo de vacacións. Os dous éramos estudiantes e oriundos do Concello de Paradela. El, da súa querida aldea de Randulfe, na parroquia de San Miguel e eu, de Cabodevila, na de San Martiño de Castro. A través dalgún parente soubemos un do outro, pero non tivémo-la ocasión de vernos. Os dous tiñamos moitas gañas de atopármónos. O ansiado encontro (coma tódalas cousas boas e importantes da vida) chegou de improviso, de regalo, cando menos o pensabamos... e nun terreo “**neutral-intermedio**”: en San Mamede de Castro. Os dous forámos “**de invitados**” á festa da parroquia. Xa éramos uns mocetes. Aquel día levábamos traxe novo, pantalón largo e garabata. Houbera romaría polo serán. Ali surdeu o noso encontro, misturado coa súa correspondente aventura xuvenil. A partir dese día fóreronse “**multiplicando os encontros de verán**”, unhas veces nas feiras de Paradela e outras na miña casa en Cabodevila, onde Manolo se sentía ditoso parolando con meu pai, namentres satisfacía a súa enorme curiosidade preguntándolle cousas sobre da aldea e do vello Portomarín que aparecía, aló ó fondo, -mítico, artístico e misterioso- bañado polo entón limpo Pai Miño, que pasaba fachendoso e barulleiro diante nós pre-

sumindo de colaborar en facer máis amplas, fermosas e abondosas as veigas de San Xoán de Loio, hoxe sen vida e acubilladas polo embalse de Belesar. Xa daquela empecei a nota-lo seu amor pola tradición, polos costumes, polas costas da súa xente e do seu pobo. Témolo comentado e lembrado moitas veces. Máis tarde, cando apareceu o seu “*Reencontro coa aldea*” (1983), comprendíao perfectamente.

Antes de seguir coa nosa particular historia cómpre voltar atrás. Só por un momento. Manolo, coma moitos dos nosos veciños, tivo que pasar pola gran proba da emigración demasiado cedo. Ós seis anos xa era, non só fillo de emigrantes, senón tamén “**emigrante de feito**”. Foi “**destetado**” do seu pobo natal, do seu Randulfe querido, coma moitos outros dos nosos veciños, e mesmo parentes, de Paradela, de todo Galicia. Para os outros non tan prematuramente, pero non por iso menos traumática a “**aventura forzosa**” da emigración. Barcelona foi a súa segunda patria. Chegou a querela e amala moito. Foi a súa segunda patria. Ali viviu a meirande parte da súa vida, coñeceu á súa dona, criou ós seus fillos. Catalunya acolleuno, deulle traballo, axudoulle a vivir... e Manolo, como ben nacido que foi, soubo ser agradecido. Aínda hai pouco, falando cun dos seus fillos, mesmo xurdeu a idea de que unha das súas obras póstumas, a ben lograda traducción da “*Atlántida*” (1995) de Jacint Verdaguer, que rematou en Lugo, e que levou un inmenso traballo, viña a ser coma “**unha homaxe a Catalunya**” por ter acollido “**a un fillo agradecido**”. Tamén serve a outra versión de que esta obra fose froito da súa “**moriña**” das terras catalanas, ó voltar a Lugo. As dúas versións poden ser certas, paréceme a mi.

Aló, en Barcelona, (como me pasou a mi), mandárono a estudiar ó Seminario. A mi, ó de Lugo. Xa tiñamos algo en común, Aquilo ía favorecer la nosa recién estreada amistade. Daquela, na posguerra, a clase pobre rural, como era a nosa, se quería estudiar tiña que coller ese camiño. Tanto é que eu, temos que recoñecer que fomos persoas privilexiadas. A maioría dos nosos compañeiros de escola non tiveron esa oportunidade. Na miña parroquia eu era o único estudiante daquela. Na de Manolo non lembro, pero penso que tamén era o único... e, ademais, ¡para máis inri!, tiña que facelo “**fóra da súa terra**”. Os dous temos lembrado, moitas veces, a nosa ledicia e o noso agradecemento, por haber tido a oportunidade de poder facer Humanidades e Filosofía nun destes centros. A Manolo, notóuselle moito, en toda a súa obra, a gran forma-

ción humanística, e, incluso, a sonoridade musical, que aparece nalgunhas das súas mellores construccíons poéticas. Coido que tamén lle vén desa etapa a “**súa profunda sensibilidade humana, social e mesmo relixiosa**” que encheu e deu sentido pleno á súa vida.

Volvemos á nosa cativa historia. A partir daquel primeiro encontro, a nosa amistade foi medrando e empezamos a comunicarnos algo máis e a “intercambiar sabencias e experiencias”. Lembro, con certa craridade, que, xa daquela, lle interesaba todo o referente ós costumes, lendas, historia e mesmo comportamentos da xente. Pasabámolo moi ben en calquera lugar e/ou situación na que nos atopásemos. Era o home da calma, do gozo, da alegría, do saber vivir e gozar das cousas pequenas e dos acontecementos que ían surxin- do á nosa beira. Manolo foi, en certa maneira, “dono do tempo”, “o home sen presás” que eu mesmo comprendín e agradecín moito, ó longo da miña vida. Era unha ledicia estar na súa compañía. Era o home da “**escoita**” e da “**obser- vación**”. Mesmo parecía que non só gozaba co que lle entraba polos ollos e pensamento senón que tamén o remoía todo con calma. Isto aconteceu, como un pequeno oasis, na década dos anos 50-60.

A seguinte década, (a dos 60-70), foi a “**etapa escura**” en canto á nosa relación. Houbo un silencio inexplicable, que ollado desde lonxe, non parece ter lóxica, pero que foi real. Manolo deixou a carreira, (despois de rematar Humanidades e Filosofía), e encamiñou a vida profesional noutra dirección. Atopou a muller da súa vida, Irene, (tamén emigrante, galega e case veciña, do Páramo), coa que casou e tiveron a regalía de dous estupendos e traballadores fillos (Enrique e Santiago) que están a segue-lo camiño do pai. Ademáis do seu traballo profesional buscou (e atopou) tempo para desempeñar moi ben o cargo extraoficial de se-lo “**mellor embaixador e relacíons públicas**” dunha morea de compatriotas seus en Catalunya. (Diso dá fe o “*Galegos en Catalunya 1978-1982*” (1982). En canto a min, estreei, con moita ilusión, a miña vocación de crego por terras de Lalín, (Pontevedra), donde pasei uns anos, moi feliz, adicado e entregado á miña xente e bastante liado cun feixe de iniciativas e actividades que, certamente, restaron tempo á nosa encetada comunicación. Como temos comentado moitas veces, “**ó rebobina-la historia das nosas vidas**”, aquilo aconteceu porque os dous estabamos cheos de vida, de traballo e de ilusíons. Cadanseu no seu campo de traballo, os dous fixemos algo máis ca vivir da profesión-vocación e atopamos tempo para adicar ás

nosas aficcions-”manías”, a outras “actividades cultural-benéfico-sociais”, ós amigos, ás viaxes, etc. que son as cousas que complementan e dan un sentido máis pleno á vida. Non acabamos de comprender (¡témolo comentado varias veces!) o que pudo suceder daquela. Visto desde lonxe, pensamos que non foi outra cousa que a reconfortante situación de que os dous tiñamos unha vida rica e chea de amigos e de actividades. Máis tarde decatámonos deste feito que non fixo desgaxa-la nosa amistade. Nesa etapa xa Manolo publicou o seu primeiro libro de poesía *“Poemas populares galegos”* (1968) e foi elaborando outros temas que sairían á luz máis adiante.

A seguinte etapa, a da “**apaixoante década dos 70-80**”, foi fenomenal en tódolos sensos. Tamén na nosa relación e nos nosos encontros, que, cecaes pola escuridade da anterior, quixemos aproveitar con máis forza e vitalidade. Foi a década “**das utopías, das ilusións e das esperanzas**” en tódolos campos: no político, no cultural, no social, no económico, mesmo no relixioso. Coincidíu tamén coa “**década dos nosos frecuentes encontros**” en Barcelona. Radio Nacional, Radio Miramar, Centro Galego e outros da periferia, (cos que Manolo estaba moi vencellado), festivais de Fuxan os Ventos, xuntanzas de Auxilia, etc. constituíron o marco das nosas xuntanzas, que sempre remataban, -ou empezaban-, cunha visita-comida na súa casa, na compañía da súa muller e os seus fillos. Calquera ocasión nos servía de motivo para xuntármonos. Coma bo amigo, disfrutaba comigo e coas miñas cousas coma se foran propias. Quería moito ós seus paisanos, “**ós galegos de Catalunya**”, e non sei se aínda máis “**ós da terra que iamos por aló**”. Acredita esta verda de “*Galegos en Catalunya-2*” (1985), que foi preciso engadir ó anterior, dada a cantidade de xente coa que tivo el unha relación continuada. “*Saudade no bulleiro*” (1970), o segundo libro de poemas, “*Homaxe ó Che*” (1970), “*Soldada mínima*” (1979), (un berro contra a inxusticia!), que foi o seu terceiro libro de poemas, e un feixe máis de obras, artigos e colaboracións na radio e na prensa foi froito da súa vitalidade desta década.

A última etapa, a de Lugo, a dos anos 80, (¡xa un pouco maduros os dous!), compartímola moi máis. Foi fermosa e creativa en tódolos sensos. Coido que profundamos e revivímo-la nosa vella amistade. ¡Soñamos moito xuntos! ¡Tamén fixemos e compartimos moitos proxectos! Algún deles acadámoslos. Praza Maior, (un bo proxecto, hoxe morto, pero que daquela deu pulo Manolo), Radio Popular, Radio Lugo, El Progreso, La Voz de Galicia, El Ideal Gallego, Asociacións culturais, certames literarios, táboas redondas, viaxes á

montaña luguesa, etc. son testemuñas vivas da súa presencia, do seu traballo e do seu abundante e bofacer cultural na cidade de Lugo e Provincia. Aí están, alumando ás xeracións presentes e futuras, esa excelente colección de libros de poesía, narrativa, ensaios, traduccións, premios e certames literarios, concursos, colaboracións, etc. que dan fe da súa capacidade de traballo e entrega á arte, á comunicación e á cultura.

“*Viaxes con Anxel Fole*” (1988) é unha boa referencia e recordo neste ano de homaxes á vida e figura do seu vello amigo. Como en toda a obra de Manolo aparece a súa gran capacidade de escoita, de observación, de sensibilidade humana e social que encheu e engalanou toda a súa curta, pero rica e abondosa vida, en boas obras.

Non quixera rematar esta pequena semblanza sen facer referencia á súa sensibilidade social e á súa fe-vivencia relixiosa. Comprendeu, estupendamente ben, que o amor e maila fe van sempre xunguidos e da man. Non se pode ser cristián sen ter presente na vida ó irmán, sobre todo ó irmán máis necesitado, máis pobre. Manolo tiña esa idea moi firme e crara, e sempre presente, que “**a fe debe ser acreditada nas obras, no amor concreto, na atención, na escoita, no agarimo e amor á xente...**”. Non era home de ritos, nin de cirimonias ou fórmulas valeiras de sentido. Na súa sinxeleza non cabían exhibicións. Sabía estar coa xente. Enganchaba, rapidiñamente, con todos. A súa especialidade eran os vellos, os nenos e a xuventude. Por esa orde. Foi un “**home bo, noble, veraz, humilde, sinxelo... que se facía e deixaba querer,... que escoitaba a todos,... sempre e sen présas...**”. ¡Por iso encandilaba “á xente do mundo rural”, o seu mundo, en definitiva.

A derradeira palabra só pode ser esta: ¡Gracias, Manolo, pola túa vida e por tela compartido connosco! O noso recordo-homaxe-agradecemento só ten un camiño: o do “**compromiso formal de manter presente a túa vida e a túa obra no noso pobo e na nosa xente**”.

Lugo, mes de xuño de 1997.

Xesús Mato, o teu amigo e veciño.

BASES

PRIMEIRA: Establécense un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión de cinco a oito folios. En ámbolos dous casos, escritos a máquina a doble espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o quince de decembro de 1996. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Exmo. Concello de Paradela, que se reserva o derecho a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data que se fixe polo Excmo. Concello.

SEPTIMA: Os traballos non premiados poderán recollerse ata o día trinta de decembro de 1996. Os que non foran reecollidos destruiranse pasado este prazo.

OCTAVA: A resolución de tódalas cuestiós que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro de 1996.

FALLO DO XURADO

Acta de constitución do Xurado “II Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”

Reunidos no salón de sesións do Excmo. Concello de Paradela, o 28 de Febreiro de 1997, o Xurado designado para o fallo do “II Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López”, formado polos señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela).
- D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo).
- D. Xesús Mato Mato (Sacerdote, escritor e musicólogo).
- D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista).
- D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado).
- e D^a María José Fernández López, Secretaria do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Examinados os traballos presentados, o Xurado acorda por unanimidade:

PRIMEIRO: Otorgar o Premio de POESIA, a **D. Modesto Fraga Moure**, natural de Fisterra (A Coruña), pola obra titulada “POEMAS DA LENTA AUSENCIA”.

SEGUNDO: Otorgar o Premio de NARRATIVA, a **D Marco V. Lama del Corral**, natural de Ourense, pola obra titulada “A ESTACION DAS NEBOAS”.

TERCEIRO: Otorgar, debido á calidade das obras presentadas, un Accésit en cada modalidade do certame:

Accésit de POESIA, a **D. Roberto X. Traba Velay**, natural de Fisterra (A Coruña), pola obra titulada “CINCO POEMAS ESCRITOS XA FAI TEMPO”.

Accésit de NARRATIVA, a **D. Sechu Sende**, natural de Santiago de Compostela, pola obra titulada “ASMA”.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, en Paradela, na data arriba indicada, do que como Secretaria dou fe.-

PREMIO

**MANUEL-ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ**

POESIA

POEMAS DE LENTA AUSENCIA

1

AGORA QUE ESTÁS LONXE, AMADA AUSENTE,
renuncio á potestade do meu verso,
absorto agardo no silencio inmerso
como o mencer agarda o novo abrente.

E cando evoco a túa pel inxente
limada co fervor perseverante
indaga o meu pensar no teu semblante
para afundirse nel eternamente.

Ou cando os días sen amor fermoso
resignado entre as sabas desta estancia
ausente amada, amarte é o que reclamo:

Moitas son as noites nas que amoso
ollándote nos metros da distancia
renuncias a saber por que te amo.

2

DENDE QUE TI TE FUCHES, PEL MAREIRA,
fun naufrago de mar arrén do río,
fun fenda e mesturanza e quente frío,
fun lúa e sol e estrela silandeira.

Fun terra de habitar, tamén fronteira,
fun dorma de augas turbias, fun navío,
fun chuvia que iniciou a fin do estío,
fun preso da soidade más senlleira.

Fun Tánatos no amor, na guerra esencia,
recordos fun e obtiven na louvanza
o espacio onde acougar a túa ausencia.

Fun Eros cando vin que a miña beira
non tiven máis compaña que a lembranza
dende que ti te fuches, compañeira.

MALIA TODO BUSQUEITE EN CADA RÚA
 espido e sen a penas más roupaxe
 que as prendas da lembranza nunha imaxe
 que agardaba somentes fose túa.

E viñas como a noite, sempre núa,
 irradiando paixóns onde a oleaxe
 confunde as cores todas da paisaxe
 e vístese de amor a clara lúa.

Ti viñas e traías dozura
 como pedra que eras de alabastro
 forzada alén da luz e a fermosura.

Eu vin entre os vestixios do meu mastro
 o final desta triste singradura
 que axiña me alonxaba do teu rastro.

PERDIDO E SEN LUGAR DONDE ALUGARTE
 busquei a túa sombra na alborada
 e tiven por afán a madrugada
 enviso na constancia de adorarte.

Adorarte nos soños sen soñarte
 e soñarte desperto coa mirada
 e mirarte despois de ser soñada
 e saber que o meu soño foi amarte.

Amarte como se aman certas cores,
 como o pole que enxendra a primavera,
 como o abril que desflora o abril das flores.

Amarte, amarte, amarte nos albores
 perdido para sempre cal quimera
 soñando, amor, soñando os teus amores.

COMO A PROCURA DUNHA ILLA INCERTA
 vaguei así sen rumbo nove días
 polas augas que antano me pedías
 e que eran cumpimento da túa oferta.

E a illa mais que incerta era deserta
 illa de sonos moles e utopías;
 como efémero amor que ti sabías
 naufragaba comigo alén da oferta.

Aquela illa deserta era sombría
 sombría como a luz na escuridade
 e escura como a clara luz do día.

Alí souben do oasis que habitaras:
 a illa eran as luces da cidade
 aquela da que tanto me falaras.

CODA

Derrotado na noite
 dun vivir anhelante de nostalxias:
 a carón do silencio
 as lembranzas lembradas
 no decorrer dos días que suspiran.

Agardando a viaxe derradeira
 que nos amose novos horizontes
 para volver amarnos.

Amar xuntos de novo
 no viaxar constante da ternura,
 desexando a éxtase
 de estarmos xuntos no equinoccio
 dos beixos, na paixón
 da derrota final cando venzamos.

ACCESIT

**MANUEL-ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ**

POESIA

CINCO POEMAS ESCRITOS XA FAI TEMPO

Na friura desta noite escribo lentamente,
despacio, acariciando no ritmo das palabras
o máxico placer desta hora segreda.

E xurde unha conversa profunda e misteriosa
que forma este monólogo de voces e de verbas
dictadas en ocultos pentagramas temblorosos
de versos apagados e de nocturnas queixas.

De mil cousas me falan, de lúas e de ventos,
de soedades fondas e de tolas agonías,
de corpos que son osos e dan medo,
de falsas liberdades e íntimas mentiras.

Tan soio asomo os ollos o mundo das palabras
e todas aparecen galoupando,
avisando, esperando, descifrando,
declarando principios e discursos,
presentando amores, loucuras evrdadeiras,
espallando Universos de doces claridades,
con reflexos de luz inmensa que anuncian relatos,
ca transparencia vella de antigos petroglifos
que habitan na memoria como un álbum de recordos.

E así todas estalan i eu as acomodo
en sitios que rebusco para contar historias,
escollo cada unha, elíxoas i esculpo
como si foran pedras dunha canteira virxen,
eu vounas moldeando para escribir poemas
que lentamente esquezo e agocho silencioso
na quieta soedade dos folios e as carpetas.

Quixería saber cal é a raíz cuadrada do azul,
a razón de que as pedras non se namoren,
qué hora terán no sol cando aquí áinda son as catro,
a qué soa o silencio por exemplo.

Pregúntome tamén
qué clase de metáforas viaxan polas células,
si hai un teorema que aclare unha esperanza,
si o canto dun pazar se reencarna
como a luz desenterrada dos ladrillos.

Cántos cores hai para outros ollos,
si hai peixes avogados nas audiencias
e si as leis surrealistas fan deporte
con lóxica aplastante e matemáticas.

Mais tanto dá, a luz é sombra,
a chuva quenta sin mollar con lume verde,
o mundo se sorprende e as verbas desvarían,
non cadran as circunferencias,
o tempo se desvía e o home é un cancrexo
dormido que se agocha na olsa dun canguro.

Mastico unha amargura solitaria
que desemboca nun río de palabras costa arriba,
e todo o imaxino
agora que respiro e sobrevivo nas preguntas
desta doce tolemia que faíme resistir
mentras espero.

Ouso, neste silencio tolo, a voz do mundo,
o acento escuro das estrelas lonxanas
que a noite desfai en luz lixeira.

Descubro nas palabras molladas de mar
unha conversa triste
que desacouga os ánimos i evita os risos.

Non hai paz na paz deste planeta,
non hai quietude, soio hai sombras que se agochan,
disparos nas esquinas dos países,
asubiantes balas retorcendo barrigas
e fame galoupando polo sul
como un machado abaticando as terras.

O pe desta batalla da existencia
aguanto o máis que podo con este medo seco
o refilar das balas verdes disparadas dende as xestas.
Esquivo as loucuras de tantos homes cordos
e oculto na trincheira desta guerra
espero o inesperado con ansias sin futuro de naufrago no océano.
Ata me doen os dedos de tanto resistir
esta agonía enferma de leises e tratados.
Ata me sangran as ideas que reflexan os folios
con tanta teoría e tanta historia tola.


O pe deste planeta derrumbado
aguanto o máis que podo csta loita sin espadas,
este materialismo de cartos na carteira
e de palabras mudas de exércitos na sombra.
Intento descifrar as ecuacións sin éxito
que fan tambalear os contrafortes do creado.
Non podo, non, ata me doen os dentes
de tanto tiritar de rábea,
de tanto tiritar de medo.

Lume de amor, nas ascuas atrapado,
no fume esvaído, nas chamas dibuxado
na queimante madeira ferido,
casi agonizante, ainda pervives.

Perduras por instantes como un eco
lixiero que se achega e que de pronto
estala na distancia como as luces
dos faros que se encenden e se apagan.

Na beira das palabras o teu recordo habita,
rexurde na memoria e no silencio fuxe
para ser soio sombra pintada na parede,
cinza dunha larada que alumou un día.

Así queima o amor, i eu o alimento
buscando o seu aroma na roza lumerada
que lenta como o tempo pouco a pouco consume
aquele lume ardente de antes.



PREMIO

MANUEL-ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ

NARRATIVA

A ESTACION DAS NEBOAS

O peor que teñen as penas é que non matan. Un pode estar triste, deprimido ou desesperanzado, mais non morrerá diso. E non falo deses intres de rabia e frustación descontroladas, cando ves a vida de cor negra. Falo de horas, de días, de meses, de épocas enteiras nas que a tonalidade é o gris. Cando as cousas perden o esvaedizo sentido que algunha vez tiveron e semellan ir ficar así para sempre xamais. Cando as consecuencias imprevistas dos teus actos adiántante veloces nun cambio de rasante sin visibilidade. Hai veces que a situación non ten remedio, e, como díen en Portomarín, "Deus nos libre dun 'xa foi'".

Cando un ten que vivir con esa sensación de perda, de irrevocabilidade, aniñando coma un abutre no desgarrado corazón, non hai sitio onde agacharse. Podes estar cos amigos, podes sentir a bondade e a paciencia da familia tentando consolarte, mais a pena seguirá ahi. E, nalgúns intres, semellará desaparecer, hibernar, mais só para saltar con renovadas forzas cando menos o agardes.

A depresión é un túnel, un oscuro e angosto pasadizo no que non alumna nin a luz máis feble. Coma todo túnel, sempre ten un final. Pero hai que ser moi paciente, hai que ter moita vontade, moitas ganas de ver o que agarda ó final, para recorrello enteiro.

Esta noite é noite de difuntos. No frío aire de Novembro xa se presiente a crueldade e a inminencia do Inverno. Dobras unha esquina e xa pasou o Outono coa súa canción de fousiño; escuro coma unha profecía e brutal coma unha apisonadora. O Outono é precioso, mais tamén é insoportable. A pouca vida que conqueriou sobrevivir ó despiadado verán réndese derrotada ante o poderío da decadencia. As follas asulagan as rúas e as estradas, coma lembranzas de tempos mellores. Os campos trocan os verdes polos uniformes amarelos, as descarnadas ramas das arbres érguense cara o ceo pedindo clemencia, o embalse baixa tanto que os restos do povo vello asoman abandoados coma restos dun naufraxio esquecido. É unha paisaxe desoladora e, ó mesmo tempo, fascinante. Sentir cómo se enterran no fango as botas, pisando vexetación que pasa nove meses do ano baixo as augas verdosas, adiviñar fragmentos de vidas que ficaron atrás fai moito tempo, retazos de alegrías e tristezas que xa non importan a ninguén.

O Inverno é a estación más escura do ano. En canto te ergues da cama, sentes que o día comenza a escorregarse entre os teus dedos. Non hai unha luz á que aferrarse, non hai esa sensación de tempo desplegándose, somentes existen portas pechándose e habitacións en penumbra. O mundo tanxible transfórmase nun mero producto da túa mente. Descubres no teu interior unha oscuridá que penetra ata o óso, unha oscuridá que armoniza coa morte do exterior, unha oscuridá que é preludio de desgracia e sinónimo de anguria.

En Portomarín podes senti-la verdadeira chegada do Inverno. Podes ficar sentado na alameda do médico, escoitar o siseo das follas ó caer, o gorgoteo agónico e miserable da fonte, o tímidio chiar dalgún paxaro reticente á migración; e estremecerte de arriba a abajo porque sabes, estás certo delo, que o Inverno ven cabalgando trala seguinte páxina do calendario. Sintes na nuca o sabor ancestral da súa canción blanca, o ritmo cansino de cadaleito co que se vai achegando, pasenxo, pasenxo e inexorable. A Naturaleza agáchase agardando mellores tempos e ti sumerxes a testa no abrigo, ollas o ceo, un mar de brétemas sen fin, acendes un pitillo e rebuscas nos bolsillos unha pizca de felicidade que ainda debería estar por ahi. Mais non está.

E ves pasar á xente, silenciosa, arrastrando os pés; e ollas o empredado das rúas, e acaríñas o rocio que brota delas coma suor; e sientes unha corrente eléctrica lombo abajo, un recordo de cando ella ainda estaba aquí, e lle mandas un bico a onde queira que se atope agora.

E de novo a perda, a falta dela, bate no peito coma unha maldición, un estigma de derrota. E de novo é unha bágoa silandeira o que está caendo pola túa meixela, e das unha patada a unha pedra e a afastas do teu camiño, e segues, sempre segues, sempre un pouco máis, ainda que non ten arreglo e ámbolos dous o sabedes; e ainda que o Outono é unha fermosa estación pra se suicidar, segues, e segues, non vivindo, deambulando, porque así ten que ser, porque o Ceo non ofrece garantía dабondo; segues, segues, segues, polos mesmos camiños que recorrestes xuntos, ollando as mesmas casas, as mesmas rúas, os mesmos bares cos mesmos parroquianos; e segues só, sempre só, a testa baixaña, coma temeroso de erguela; coma tremando por mirar ese ceo crúo, espido, letal; ese vasto infinito que tamén lle sirva de capota a ela; e ollas o cemiterio, do outro lado dun río que semella o Leteo, separando a vida da morte, o país do Sol das terras da Sombra; e maxinas os férreos entrando nos nichos coma supositorios, e o cheiro das frores dos difuntos tapónache o nariz, o murmullo inquedante das cintas das coroas remexidas polo vento, enchidas de frases do Libro da Memoria; e pensas con seguridad: "Algún día eu tamén estarei ahí". E se trata dun pensamento cruel porque é certo, porque as verdades doen; e doen canto más inexorables son, canto más sólidas se fan.

E cae a tarde agonizando, e algo no teu interior tamén cae con ela, coma unha folla, pousase devaneando no teu espírito e volta o frio, e sabes que ese frio non é cousa dun café con leite no Supenedo, sabes que non se trata de distraerse, de xogar ó billar ou ó ping-pong. Sabes de feito que ese xeo está dentro, aferrado, indestructible, inundando todo coma unha riada. E segues dando voltas polo povo, e vas a xogar ó fútbol sala no pavillón, e vóltaste duchar, e baixo o chorro de auga quente sabes que segue ahí, sen fundirse, garfios metálicos cravados na túa esperanza; e, pouco e pouco, vaste sentindo lonxe, pechado, afastado de todo o que te pode mancar; e voltas a sacudi-la testa, pra que non te atrapen eses pensamentos; e namentres a auga percorre a túa pel, lembras o tacto dela, os seus dedos que galvanizaban o teu lombo, os seus beizos de melocotón, os seus ollos coma ciénagas de paixón, coma umbrales a paraísos prohibidos, coma...

E saes de novo á rúa, xunto o cuatel da Garda Civil, que parece un "Exín-Castillo", e xa é noite, noite auténtica e pecha. As farolas danlle un aire londinense ó povo, enchen as rúas de misterios, alumán o azaroso vó dos morcegos que amanecen, proxectan feixes de luz entre as ramas das arbres. E pensas nos vikingos, que describían o Apocalipse coma unha batalla sen fin, a era de Ragnarok. Segundo os nórdicos, cando chegue a hora, caerán as brétemas sobre a Terra enteira, un lobo ciclópeo chamado Sköhl devorará o Sol e a Lúa, e o home terá que loitar eternamente irmá contra irmá, sen sentido e sen remate. E pensas que, nesta escuridade de difuntos é moi fácil entender ós feroces vikingos. En noites coma ésta, non hai pensamento más terrible que maxinar que non vai sair o Sol. Nunha noite así, vendo cómo as néboas crecen no embalse e trepan e asulagan todo, é sinxelo crer que é o fin. Inmerso nunha oscuridade blanca, leitosa, aprestas as orellas; si, escucha, podes oílo, xa ven, ahí mesmo, podes sentilo, as poderosas pegadas do Lobo camiñando polo ceo, coa Lúa agonizando entre os seus dentes; si, xa ven, xa está ahí, ven precedido por un cheiro de carne descomposta, xiróns a medio dixerir que colgan dos seus dentes amarelos; un cheiro más antigo que o home; un cheiro que ten tantos anos coma o medo; o medo instintivo, irracional, o que se agacha nos pozos más fondos do espírito, o medo herdado, o medo dos outros, dos que xa morreron, dos que xa non teñen medo. ¿Teñen medo os mortos? E lembras a famosa frase de Collodi nas "Aventuras de Pinocho", cando o corvo di con solemnidade: "Cando os mortos choran, é sinal de que se escomen-

zan a recuperarse". E non podes evitar sorrir, un sorriso coma unha mueca, tísico, sen gracia. E voltas camiñando ó parque dos columpios, subes nun deles e fas chirriar as cadeas camiño do ceo, subes e baixas, sempre co pensamento dela horadando as néboas, proxectando cara ó Infinito coma un faro de esperanza, e percorre o aire frio e, como era de agardar, non obtén resposta...

Baixas do columpio, miras ó redor e non sabes qué facer, qué dicir, qué pensar. Acendes un pitillo e, de súpito, pensas que liches nalgún sitio que hai un certame literario en Paradela, o povo veciño, e pensas en escribir algo, o que sexa, unha historia calquera, e escomenzas a maxinar cómo escomenzaría a historia...

O rapaz terá uns vintecinco anos, e quedou as catro da mañán nunha discoteca perto de Lugo. A súa noiva agarda ali, para ir durmir con el aproveitando que está só en casa. O rapaz acudiría gustoso á cita, se non fose porque ten o coche empotrado contra un muro de pedra, e o motor incrustado nas costelas. A súa vida váiselle escorrendo entre os dedos, coma as douradas árees dunha praia calquera, namentres un son ambarino de sirenas achégase veloz. Non sabe por qué veñen con tanta prisa... pra el xa é demasiado tarde...

Descartas a historia cun sorriso. Non, terá que ser outra cousa... algo que non semelle ser parte dnha agresiva campaña navideña de tráfico. Pensas outra...

Unha historia rural, ambientada en Portomarín, ou mesmo en Paradela... un conto de vacas, prados e lameiros, escopetas oxidadas, herdanças discutidas, avós e netos, fouciños que semellan luas decrecientes, cheiro de purín e pistas forestais, pantalóns de pana e camisas de franela, boinas caladas e gradas de discos, autocargadores e tractores arrastrándose pola terra coma orugas...

Demasiado convencional. Algo diferente...

O mestre do povo abusa dos rapaces, oscuros traumas infantís, desviacións da personalidade e asociacións de pais de alumnos, comedores estatais atiborrados de nenos, de sangue nova que se verterá Deus sabe dónde, transporte caduco en autobuses de post-guerra...

Tal vez semella un pouco contestaria, un pouco política... Fai falta algo neutro...

Unha crónica sobre a vida na urbe, o infernadas drogas, os pasatempos perigosos, o sexo polo sexo, a deshumanización, a soiade do home no asfalto, a invención obrigada da compañía, monstruos de formigón erguéndose sobre a testa coma dragóns de lenda artúrica... Unha historia sobre a literatura, un oscuro negocio dirixido por unha Irmandade Segreda de Críticos que sacrifican escritores en rituais más antigos co mundo... O soño dun milleiro de gatos, que transforma o mundo para a súa propia conveniencia... A lembranza dun crime pasional, narrada polo mesmo asasino anos despois, dende o cárcere... A sociedade vista por un rapaz mudo, incapaz de comunicar cos demás... Unhas follas sobre o preccio da fama, coas verbas clave: "castigo", "desexo", "gratis", e "medo"... O relato dun home tan cheo de ideas que ten que estar escribindo de seguido e, cando se lle esgota o papel, utiliza os dedos das mans coma pluma e o seu sangue coma tinta, desfacéndoos contra unha parede blanca... Unha rapaza chorando nunha habitación abuhardillada, agardando a visita do home, o causante do seu terror, vestida perpetuamente de noiva, branca radiante... Dúas irmáns que coleccionan arañas vivas na súa habitación... Unha reunión a media noite no camposanto: os mortos contra o aparato do Estado, que quere edificar unha urbanización neses terreos; preparan unánimemente

unha manifestación pra noite seguinte, coreando: “¡Non, non, non... Non á Urbanización! “Será un gran golpe de efecto, a corporación municipal non saberá qué decir. Un accidente aéreo... o avión precipítase cara ó mar, e un home escomeza a bicar á súa fortuita compañeira de asento, ela non protesta e devolve o bico, apaixoados e derradeiro... Un canteiro gravando a súa propia lápida, coma unha nota de despedida, coa escopeta cargada ó lado, un breve mensaxe para a posteridade: “Aqui xace... Foi, e nunca máis voltará a ser”. Un home perdido nunha cidade más vasta co océano, só, sempre só... tan só que remata por contratar un detective privado pra que o vixile e o fotografie, anotando o que fai, corroborando así a súa propia existencia, da que xa escomenzaba a dudar... Un crego cunha permanente crise de fe, refuxiado na botella, taponando os demonios interiores, emborrachando en viño barato á besta agazapada na súa alma... A historia dunha parella no Caurel, unha vida idílica ata que deixa de selo porque si... Unha pandilla de rapaces que matan a outro xogando e o botan ó rio pra que non lles reñan seus pais... Unha pousada perdida na noite e no tempo, viaxando dunha realidade a outra, recolectando contos e vivencias, unha fonda de parada obligatoria... Un conto de mariñeiros, de lúas sobre o mar, de luces na néboa, de sons extraños na oscuridade, de pesca e de desamor, de supervivencia a toda costa... A historia de Portomarín contada en acalorado debate polas pedras da Igrexa de San Nicolás... Unha fermosa e cruel reflexión sobre o que chamamos “O Parlamento dos Graxos”, que remata cando se desvela, por fin, o terrible segredo de tan extraño ritual... Unha partida de petanca entre Deus e Mahoma usando os mundos do Sistema Solar coma pelotas... A crónica inmensa dun centurión romano que burlou á morte nas Guerras Púnicas, e segue vivo dende aquela, incapacitado pra morrer e farto de vivir, agachado do mundo nunha cova de Fisterra... Unha fermosa historia de amor sobor dun rapaz que toma 127 pildoras pra rematar coa súa existencia e acadar así na morte á súa namorada: Cleopatra... A morte ven cabalgando ó redoble do tambor polas veas, soan trompetas nos seus tímpanos, imáxenes oníricas de pirámides, áspides, cocodrilos e ibis, áreas do deserto exípcio, faraóns e momias, civilizacións perdidas pra sempre... Un home viaxando cara ó corazón de África, sumerxíndose ó mesmo tempo na súa propia oscuridade interior, descubrindo o deus ou o demo que todos levamos dentro... Unha versión cruel acerca do conto de Cincuenta, unha adultera forzada a bailar con zapatos de ferro candente... A morte dun vello Tenorio, esquecido por todos na súa empobrecida e decadente mansión... Unha elexia a ritmo de funeral sobre unha amante perdida, verbas que xa nunca lle dirás... A historia dunha fuxida sempre cara adiante, rematando na beira do mar, tan cerca do final coma cando escomenzou... O relato dun casamento narrado polo amante que ficou atrás, esquecido, muda testemuña da felicidade allea... E, por fin, a verdadeira historia: un rapaz na noite de difuntos, nun parque de Portomarín, maximando a historia que escribirá.

Esa é a historia que tés que contar. Porque estas son as verbas que tés que decir, estes han de se-los sons que ficarán escritos no papel, esta é a historia que ven escrita ó final do calendario, este é o conto da Estación de Néboas... Fica calado, escoita o murmullo da brétema, das gotas de rocío; ahí está a verdadeira historia, a única que importa... Mira a noite, adiviña os camiños na oscuridade, sumérxete no Inverno, deixando detrás todo o que eres, todo o que poderías ser... Ven, ven, escoita cómo te chama, a canción inmemorial... O afiado son da guadaña segando o aire espolvoreado de tebras, o infame cuchicheo dos pinos e os carballos no atardecer, ríndose de ti...

Ergues a cabeza e permities que as brétemas o sexan todo, todo; que o sulaguen todo, de arriba a abaxa, coma un cáncer... Miras o reloxo e te decatas de que non estás más cerca de nada que cando comenzaches. Porque ésta é unha historia espesa, oscura, difícil... Unha historia que non quere ser contada, que se escapa tan pronto a vas escribir... Esta é unha historia do gris; a crónica da deambulación vital, sen sentido, sen dirección...

E, de súpeto, escoitas a súa voce... a voce mesma das brétemas, pedíndote que non contes a historia, que a deixes estar así, anónima pra sempre, como debe ser o conto, sen dúbida, terá que ser. E hai algo de rebeldía no poso do teu pensamento, porque sintes a necesidade, cada vez más imperiosa, de contala.

Media lúa asoma durante uns intres por entre as néboas. Semella unha advertencia, un cartel que indica ata ónde chegar. Un morcego grava frases incoherentes no aire co seu errático vó. Do outro lado do río, un mougho enche a noite de misterio. Acendes outro pito, e a chama do misto é unha herexía na oscuridade... as pantamas do teu interior retroceden aterradas e xa coidas que é hora de voltar á casa, á chimenea, onde non te poidan seguir as espirales de brétemas, onde a realidade confirmase acendendo o tele visor, onde os obxectos son somentes eso, obxectos sen vida, e non espíritos incógnitos deformados pola noite pecha. Achégase a hora do fogar, a madrugada solitaria, o momento de quecer baixo as sábanas, ti só, sempre ti só... e a oscuridade agardando tra-lo cristal da ventá, agardando a túa volta... porque lle pertences, ti e tódolos demais, ainda que non se decaten delo... a noite é seu reino, onde goberna suprema, sen oposición.

E voltas a maxinar as almas nos bares, xuntándose pra disipa-lo medo que ferve dentro, o incerto futuro, a crueldade do mundo, os sinsabores do cotidiano... Mais entonce volta ela, a súa lembranza, o único que che deixou, e as néboas petan na yentá con dedos esqueléticos, un tamborileo infernal que soa na túa alma coma un diapasón, e de novo é a ausencia o que o enche todo, abarcas cos brazos o espacio valeiro na cama, teu corpo ténsase e súa... E, na plena oscuridade da habitación, de súpeto decátaste de que ti tamén eres oscuro, eres tan só outro anaco de brétemas que comulgan cas que se arremolinan tra-lo cristal, e formas na túa imaxinación o seu corpo, os intres más segredos, e sabes, dun xeito irrefutable, que o dolor págase con dolor e que, por tanto, esta historia é tamén a historia dela, e hai algo coma un aroma corrupto de maldición enchendo o teu nariz, hai unha nostalxia melancólica dos seus bicos, das súas caricias, das súas cadeiras, e pasas a man pola frente, arrastrando gotas de suor e lavando os malos pensamentos...

E, de súpeto, chega o medo, o medo irracional a remata-la historia... porque, tal vez, cando a historia chegue ó seu fin, desapareza tamén a lembranza dela. Cando o pensamento e o sentimento fiquen encadeados pra sempre en simples grafías, en secuencias de verbas, será o verdadeiro fin, e as néboas o asulagarán todo, todo, todo...

Porque é unha deuda o que tes que pagar, e cando remates de facelo, xa non quedará nada, non haberá excusa pra seguir adiante, non terás nada que engadir, a vosa relación xa non será nin un recordo, non será nin un pesadelo, e non sentirás a súa aperta cando xurdas berrando dun febril sono, e non lle poderás botar a culpa de nada...

E pensas en tantas cousas que aínda che queden por dicir, verbas que leva o vento, frases sempre pensadas e nunca construídas, sentimentos inexpressables, momentos inesquecibles, sensacións de dolor e de pracer, ideas que xa nunca saldrán da túa mente... e, por riba de todo, a ausencia, a perda dela.

E sabes que este non é o momento nin o lugar axeitado pra contalo, pero esa necesidade segue ahí, tentando saír, e sabes que non a podes deixar, porque entón o feitizo rematará. Cando poñas o derradeiro punto, cando a última palabra sexa dita, entón ela marchará pra sempre de tí... e non debe ser así.

E así chega o día, igual qu e onte, idéntico a mañá, e ainda estás como empezaches, perdido nas brétemas, matinando nas cousas que xa nunca faredes, e sabes que a pregunta seguirá flotando por ahí, nalgunha parte, sen resposta...

E buscas o principio, voltas a aquel momento no que o teu camiño comenzouse a torcer, e onde, por tanto, escomenzaches a perdela, e segues desde ahí, coma se non pasase nada, pero pasa, eso é innegable...

Buscas o principio de todo, a inocencia perdida, e sabes que esta historia, coma calquera outra, nunca tivo un principio... Nada escomenza nunca. E, como non tivo principio, non pode ter final... Érguese da cama sen descansar, miras ó teu redor e buscas o final.

O río non se deixa ver desde a ventá... as tebras o enchen todo, unha inmensa mancha gris na mañán...

Buscas inútilmente o final, porque sabes que non está aquí...

Onde queira que esté, non é aquí.

O final desta historia está escrito nalgures... perdido pra sempre no limbo de brétemas, cego, vasto e inalcanzable.

E a Estación das Néboas segue seu curso.



ACCESIT

MANUEL-ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ

NARRATIVA

ASMA

“Cerrarás las puertas a la locura, pero entrarás en mí”
Carlos Oroza

Olivia Negro naceu o 21 de Xuño de 1972 en Vigo. Foi a filla única dun matrimonio de clase humilde. Seu pai era un alcohólico mestre de literatura que namorara a súa nai, ama de casa e muda, léndolle ás noites poemas de Walt Whitman e de Neruda. Olivia foi de sempre unha nena enfermediza, acosada pola asma, a fadiga e a tos; e retráida de carácter, acalada e tristeria. Olivia Negro.

No colexio demostrou ser unha aluna por encima da media. Daquela xa sentía esa fascinación polas ciencias naturais que tanto cultivaría cando adulta. Aos nove anos regaláronlle o seu primeiro microscopio, desecaba arañas e o seu libro de cabeceira era un *Manual de Velenos*.

Era unha nena estraña. Unha vez, nunha excursión escolar a unhas pucharas ou lagoas, mentres o resto dos nenos miraban por cazar ras e libélulas, Olivia Negro deixaba as mans na auga para que se lle enchesen de sanguesugas.

Con nove anos Olivia ficou ao borde da morte. Ocorreu unha noite que tivo que durmir no sofá do salón-biblioteca porque seu pai começara a repintar o seu cuarto. Ás catro da madrugada o medo abriulle os ollos e o pánico ocupou o seu peito atacado por unha crise aguda de asma, falto de ar. Esa noite na ambulancia, Olivia deixou de respirar durante dez minutos.

Saiu do Hospital seis días despois cun diagnóstico inequívoco: a asma que case a mata debérase a unha alerxia e os especialistas concluíron que Olivia Negro era extremadamente sensible aos ácaros (1).

Os ácaros. Aquela mesma noite seu pai, bêbedo e arroutado, baleirou de ácaros a casa tirando a biblioteca polas xanelas do quinto piso. O primeiro libro en saír voando foi a Biblio; o derradeiro, *As flores do mal*. A partir daquela foi como se os libros tiveran desaparecido da casa a calor e a paz. O señor Negro máis nunca lle lería poesía á súa muller silenciosa. Ainda peor, aquela noite por vez primeira, o señor Negro, fóra de si, mallou na súa muller sen motivo nengún; e así había de seguir facendo durante moito tempo. Ata que un día enfermou e outro apareceu morto.

O caso foi de moita sona: disque a muller viñéralle administrando arsénico no almorzo durante máis dun ano. Se a un médico curioso non lle tivera resultado estraña de más aquela morte por polineurite e bronconeumonía nunca se chegaría a falar do crime. Cando foi do xuizo, a nai de Oliva Negro confesou que a idea do envenenamento a tirara do *Manual de Velenos* de súa filla. Tamén declarou que a nena, áinda que afeccionada aos venenos, nada tiña que ver coa morte. Oliva tiña daquela quince anos e a pesar das sospeitas e acusacións nunca se pudo demostrar que participara no homicidio de seu pai. “Sabe, non me explico que puido fallar. Eu sei que se pode envenenar a unha persoa mil veces sen levantar sospeitas”, comentáralle a unha xornalista cando súa nai ingresou na cadea.

Súa nai morreu a causa dun cancro de peito no cárcere de Bonxe en 1992.

(1) Os ácaros (*Glycyphagus Sp.*), -áracnidos parásitos, minúsculos, sen ollos e con mandíbulas en forma de pinzas-, son posiblemente un dos alérxenos más coñecidos. Estes microscópicos insectos converten o pó no seu hábitat natural, especialmente o das moquetas e o das estanterías repletas de libros onde teñen tendencia a acumularse. Aliméntanse de trocios de papel, de pelos e de pel. Os ácaros son capaces de provocar, ao contacto coa pel e as vías respiratorias, todo tipo de reaccións alérgicas nos seres humanos, desde eccemas ata asma bronqual.

Cando súa nai foi encarcerada, Oliva comezou a visitar a varios psiquiatras, e trasladouse a vivir a Santiago á casa -unha casa vella na rúa do Vilar na que a rapaza pasou a ocupar o ático - dunha tía avoa -unha vella ludópata que queimaba os cartos da pensión nas máquinas recreativas dos bares e que vivia con tres gatos, e coa T.V. eternamente prendida. Máis dunha vez os veciños escoitarónlle confesar á señora palabras coma estas: "Con ela síntome insegura. É mala e eu téñolle medo".

Despois de aprobar o selectivo cun expediente sobresaliente, aos dezañito anos Oliva matriculouse nos primeiros cursos de Bioloxía e de Medicina. Continuaba a ser unha persoa enfermiza, grisalla, solitaria, distante e pouco comunicativa. A súa vida social non ia máis alá de fríos tratos formais e nunca estableceu ningunha relación de sincera amizade. Illada, vivía despreciando. Despreciaba a toda a xente. Oliva despreciaba. Despreciaba.

Oliva deitou todo o seu interese nos estudos e as súas ansias en saber máis e máis sobre o que eran as súas obsesións: a enfermidade de asma, as alerxias, o mecanismo dos pulmóns.

Por outra banda, a súa forma de vivir, amais da busca destes coñecementos, consistía en fuxir; fuxir da alerxia, dos ácaros, do pó; fuxir da asfixia. Daí que convertise a súa vida nunha continua precaución. Os gatos da tía matounos un a un envenenados: un con talio, outro con arsénico e o último con simple matarratos. Evitaba estancias prolongadas nas salas de depósito de libros das bibliotecas; nunca entraba en librerías; fumigaba libros e enseres cun insecticida especial contra os ácaros; non vestía roupa de lá; lavaba as sabas dúas veces por semana; dúas veces ao día facía exercicios de ximnasia respiratoria, e no bolso sempre levaba consigo unha mascariña para se protexer se for necesario, por exemplo, dos imprevistos ventos con polen da primaveira. Neste sentido, a súa hixiene debía ser extrema.

Pero a miúdo a asma aparecía malia todas as precaucións. Os bronquios estreitaban o seu calibre no momento menos pensado e nuns intres resultaba unha obstrucción xeralizada das vias respiratorias. Sobreviña o afogamento. A musculatura lisa da parede bronquial contraíase, xurdía un edema na mucosa, e as glándulas secretoras bronquiais hipersegregaban morte.

Así era a vida de Oliva Negro, a vida dunha asmática sometida á tiranía dunha enfermidade que se caracteriza pola súa recidivancia, cronicidade e escravitude.

Oliva sabía que a palabra asma é de orixe grega e que quere dicir xadeo; coñecía todos os fármacos contra dela; drogodependía dos corticosteroides; coñecía o porque e o como dos movementos da labialidade bronquial; os perigos do dióxido de sulfuro e do monóxido de carbono. Temía como ao peor veneno o pó doméstico e dáballe más noxo que a ninguén saber que o pó que respiramos frequentemente está formado por fragmentos de caspa animal, fungos domésticos, partículas alimentarias, algas, graxa, caspa humana e insectos.

Os pesadelos de Oliva eran unha sucesión de asfixias.

En 1995, no quinto ano da Carreira, Oliva pasou a colaborar como becaria no departamento de Aparato Respiratorio da Facultade de Medicina. Era a aluna máis destacada da súa promoción e unha gran amante da Bioloxía. O xefe do departamento, o profesor Mario Iribarne, por outra parte pneumólogo no Hospital Xeral de Galicia, deulle absoluta liberdade para investigar sobre o tema que ela quixer. Así foi como Oliva Negro comezou a empresa máis importante da súa vida; un estudio sobre asmas alérxenas.

Mario Iribarne era un home intelixente e atractivo de pouco menos de corenta anos; tiña un futuro moi prometedor na Medicina, era un culto amante das Artes e codirixía unha editora de libros galegos. Era un home alto e ergucito, de cabelo negro e ollos penetrantes. O home que se naimorou de Oliva Negro.

Aos vintetres anos Oliva era unha muller de aspecto fráxil como o cristal antes de romper; de corpo delgado pero esbelto; unha muller con moitas sombras dentro dos ollos; unha muller de ollos grandes e boca grande e peitos pequenos; unha muller de misteriosa beleza.

Aos vintetres anos Oliva Negro continuaba a ser muller tendente á insularidade. Mario Iribarne era outro solitario. Pero a súa soildade non era unha soildade violenta e encerrada como a de Oliva, senón melancólica, lánguida. Do seu pasado sabiase que estivera casado e que a súa muller morrera nun accidente de tráfico aos poucos meses da voda e que el intentara suicidarse cortando as veas. O viudo Mario Iribarne parecia vivir desde aquela entre a medicina e a tristeza. Así foi ata que comezou a mirar no fondo dos ollos de Oliva Negro. No fondo.

E un dia Oliva descubriu o desexo nos ollos de Mario, Oliva Negro con temor apartou a ollada. Esa noite soñou que os dous facian o amor como animais. Ao acordar, Oliva sentiuse soa por vez primeira na vida. E esa mesma mañán Mario descubriu o desexo nos ollos de Oliva, buscando os seus.

Nunha ocasión das moitas enque Oliva estaba traballando no computador do departamento, Mario advertiuille de que estaban a piques de pechar a Facultade e preguntoulle se queria tomar un café con el e de paso comentar a marcha da súa investigación.

- A non ser que queira manter o segredo, claro.- Bromeou Mario xa na cafetería.

- Sabe güstanme os segredos desde nena. Mantelos sempre me foi moi doados. Agora, por exemplo, podería comenzar a mentirlle. Dicirlle que estou a facer un simple estudo de porcentaxes sobre as causas de asma en Galicia ou calquera outra cousa.

- ¿Pero...?

- Pero sei que con esa mentira virían cen más detrás. Sabe, Mario, non me gusta dar explicacións. Podo dicirlle que levo anos e anos agardando por este traballo sobre asmas alérxenas, pero más nada: Non quero mentirlle. -Oliva prolongou un silencio e continuou- Gustariame dicirlle: "Para falarmos diso, vai ter que agardar a que remate a investigación, coma todo o mundo", e gustariame que non se puxese vostede violento.

- Olivia, desde o primeiro momento souben que era vostede unha muller moi valiosa,

- Gracias, Mario, odio a xente violenta.

- Ben, hai moitas clases de violencia... -dixo cun ton máis grave Mario Iribarne. E nese instante Olivia lembrou a violencia de todos os soños nos que os dous facian o amor como loitando. Entón Mario continuou:

- De todos os xeitos, se necesitase algo para a súa investigación non dubide en pedirmo.
Olivia: Tenme á súa disposición.

Mario sorriu antes de rematar o último grolo de café e dixo:

- E no meu ofrecemento inclúo os pacientes da miña consulta. Se quixer, ten á man máis de trescentos pulmóns para observar.

Olivia non sorriu porque estaba nerviosa. O home que desexaba estabaselle ofrecendo. Ofrecendo.

Esa noite Olivia Negro e Mario Iribarne acabaron facendo o amor coma animais, violentamente.

Ao mencer Mario dixolle: Quérote. Olivia salaiou "Ámote" tres semanas despois, un anoi-tecer.

Santiago de Compostela, 31 de Outubro de 1995

Querido Mario:

Cando comeces a ler esta carta sentirásme moi adentro do teu peito, pero cando deixes de facelo estarás moi lonxe.

Ámote. Sabes, desde que nos coñecemos pronunciei esta palabra 15 veces, exactamente. Xa ves ata onde levo a miña teima polos números, por contalo todo. E sen embargo, perdín a conta das veces que ti me dixeches "Quérote". Foron tantas... E cada vez que o escouitaba era a muller más feliz do mundo. Todo era perfecto: eu era a túa muller e ti o meu home. Romeo e Xulieta; Bonnie and Clyde; Mario e Olivia...

Xa vai para un ano que nos coñecemos, Mario, e este ano foi o ano máis feliz da miña vida, ou debería decir mellor: o ano feliz da miña vida.

Si que é curioso que repita sen cesar esa palabra, felicidade, xusto nesta carta. Esta carta, Mario, é unha confesión da túa querida Olivia contra o teu corazón. Sintoo. O meu soño era vivir contigo o resto da miña vida, ter moitos fillos, viaxar por todo o mundo e facer o amor ata morrer de pracer.

Xa sabes que eu non tiven unha infancia feliz; que a asma fixo da miña vida un calvario. Ten gracia: Ata coñecerte a ti, as miñas mellores amizades eran as arañas desecadas da miña colección. Pero hai máis:

Cando tiña 15 anos matei a meu pai. Enveleneino segundo unha receita dun libro ao uso con arsénico, moita paciencia e sangue frío. Meu pai era un borracho que maltrataba a diario a miña nai e a quen non lembro terlle cariño nunca. Ao principio estiven moi orgullosa de tela librado dese peso. Pero algo saiu mal e alguén se decatou do envenenamento. Entón miña nai acusouse culpábel na miña vez. No meu lugar. Miña nai morreu na cadea, Mario, e eu sempre me sentin culpábel da súa morte.

Aínda choro.

Aos 16 anos pasei por varios psiquiatras que me pedían que lles falase do Ben e do Mal e que asinaban papeis conforme eu tendía á psicopatía. Segundo eles, era unha psicópata en potencia. Estiven varios anos en tratamento ata que lles dixen o que querían escoitar sobre o Ben e o Mal e dei xe de dibuxarllas árbores mortas e despois esquecérionse de mim. Sabes, miña tía ainda di que son mala coma a peste e nunca me dá as costas.

Contoche todo isto porque me sinto en débeda contigo. Ti, Mario, debes saber como son. Debes coñecer a verdadeira Olivia. Xa sabes, esta carta é unha confesión.

A medida que fun medrando volqueime cada día máis nos estudos. Quería estudar Medicina, estudar Bioloxía, estudar o que fixese falta para saber máis cós médicos que me decian que me coidara do pó, que me infundiron terror aos ácaros, que me aseguraban que as miñas asmas non tiñan solución e *serás asmática de por vida*.

Decidín que debía saber máis ca eles e procurar curarme, algún dia, a min mesma. Así, no camiño, cheguei onda ti.

Onda ti.

E ti, Mario, abrichesme as portas da vida, da liberdade, do pracer. Así que polo dia queimábame a necesidade de saber e investigaba sen tregua e á noite sen tregua facíache o amor.

A viaxe a Holanda foi a mellor aventura da miña vida. Ti explicabasme o funcionamento dos canais de Amsterdam e eu contábache que entre os esquimais non hai asma e roubabamos flores e riámos a esgalla. Foi unha mágoa que a viaxe tivera que rematar co meu ingreso naquel Hospital por causa do polen dos tulipáns. Pero apesar de todo sóubenme a muller más feliz.

Agora, Mario, por vez primeira vou falarche das miñas investigacións. Lembro que no noso primeiro café xuntos che dixen que para comentármolas terías que agardar a que estivesen ultimadas. Xa vai un ano daquel café. Contigo non vou andar con rodeos, Mario. O estudo sobre asmas alérxenas quedou reducido desde o principio a un núcleo de análise moi preciso: os ácaros e a súa forma de actuar sobre os individuos alérxicos. Comecei lendo. Lin profusamente. Lin toda a bibliografía que no mundo trata o tema sen deixar o menor dos artigos da máis inaccesible revista especializada. Lin e lin ata que os ácaros se converteron na miña enfermiza e privada obsesión. Os meus coñecementos de Bioloxía, mesmo a miña paixón pola zooloxía de invertebrados servironme de axuda en todo momento. Cheguei a coñecer o comportamento, a reproducción, a vida e a morte dos ácaros, todas as especies: o *demodex muscardini*, que busca vivir nos folículos pilosos e nas glándulas sebáceas dos mamíferos, os ácaros dulcequícolas ou os tetraquínidios ou os *fulliculorum*. Foi fabuloso descubrir que a nosa relación cos ácaros é máis estreita do que pensamos. En 1986 descubriuse unha especie moi particular de ácaro do pó que apesar da súa escaseza -existen 1 por cada 10000 ácaros comúns- ten un curioso sistema reprodutor. Este parásito do pó deixa os seus ovos ó noso alcance - o chan, os armarios, as sabas- e as larvas deslizanse na busca dese hospedador vertebrado que somos nós. Verten cuspe nunha pequena ferida da pel e as enzimas orixinan un diminuto cráter, o estilostoma, que se enche de tecidos parcialmente dixeridos dos que se alimenta o animal. Cando o animal completou o seu desenvolvemento larvario abandónanos e leva vida libre como adulto, volvendo ao pó. Calcúlase que cada persoa pode estar incubando ducias destes invisibles hóspedes na súa pel, especialmente no coiro cabeludo, nas axialas e no pube.

Un día pedinche acceso ás fichas dos teus enfermos e ti déchesmo. Nunca estudiei nada con tanto fervor. Estudiei aqueles expedientes de arriba abaixo, 123 persoas exactamente, memorizando cada cifra, cada dato, co meirande entusiasmo da miña vida.

Outro dia pedinche que me deixases ir canda ti ao Hospital, que me permitises observar cos meus ollos e as miñas mans os teus pacientes, auscultalos, falarles e escoitalos. E ti compracíchesme.

Oh, Mario, ¿podes imaxinalo?. Cada espiración, cada aspiración era música para min. Cada abafo, cada sibilancia, cada asubío no peito, cada xadeo era unha sinfonía.

Nesa altura deime conta de que para facer un estudo sobre ácaros e asma amais de coñecementos e asmáticos o que realmente necesitaba eran ácaros. Así foi como se me ocurriu a idea de cultivalos, e dispor deles cando e como quixer. Pasei polos fondos da Biblioteca Xeral da Universidade e arrinqueille unha páxina ao primeiro libro vello que puiden, unha revista NÓS de 1926. Xa no meu ático illeu uns miles de ácaros seleccionando os de maior tamaño, os mellor alimentados, os más sans. Foron a base dun cultivo fértil. O seguinte paso foi manipular as lendras dos ácaros coa fin de crear variedades. Deste xeito, a partir da camada orixinal fixen derivar diferentes grupos: resultou, por exemplo, que os ácaros más fortes, os más perigosos, eran os parásitos incubados sobre papel reciclado; ou que os más febles foron os que habitaban os elementos textís. E así ata 10 grupos: un cultivo sobre cartón; outro sobre lá; outro sobre algodón; outro sobre unha guedella do meu pelo...

Logo decateime de que se quería loitar contra os ácaros debía facelo contra os ácaros más perigosos. Así que me puxen á busca da variedade máis resistente posible. Fun seleccionando xerazón tras xerazón, os ácaros de maior tamaño e fortaleza ata conseguir, logo de dous meses, unha variedade que denominei *quase-invulnerábel*, pois chegou a ser inmune ao cento por cento contra o insecticida anti-ácaros, soportaba bruscos cambios de temperatura e conseguiu sobrevivir durante horas en hábitats hostis aos ácaros vulgares como o sal.

Mario.

¿Lembras?. O día que fixemos o amor na túa consulta foi un día de choiva. De súpeto comezaches a falarme de Laura; dixeches que morrera había xusto cinco anos. Falabas mirándome nos ollos pero a min deume a impresión de que ollabas máis alá ou a través de min.

Mario, eu cheguei a ti asmática e cos nervos destrozados e ti apareciches con cicatrices nos pulsos. Eu tiña o meu pasado e ti o teu. Eu pensaba: debeu sufrir moito pero eu vouno facer o home máis feliz do mundo. Así que ao comezo non quixen darlle voltas á figura da túa muller morta.

Laura, maldita Laura.

Pero unha semana máis tarde, por casualidade, dei cunha foto de Laura buscando algo nun caixón da túa casa e pareceume que ela e mais eu éramos fisicamente semellantes. Por un momento tiven medo de que ti estiveches namorado de min porque che recordaba a ela. E asusteime, Mario. A idea pareceume terrorífica. E ese pozo de medos e depresión, e caer ata o fondo. Mario, aqueles días comecei a temer non ser a muller que amabas senón un recodo da muller que amaches.

E o único que agora che podo dicir é que sentín unha infelicidade de morte e odio.

Brutal.

Aquela semana non nos vimos. Eviteiche. Non collía as túas chamadas; non fun pola Facultade. Ti querías verme pero eu volvíame tola no meu ático querendo fuxir daquel medo de non ser túa. E trastorneime. Sabes, Mario, toleei por cíumes dunha muller morta.

Trastorneime e pensei que se ti me fallabas sempre me quedaría a miña paixón pola Medicina. E tomei decisións terribelis sobre a miña vida e os meus experimentos. Á semana volvémonos ver, pero eu xa era unha muller distinta, cun inferno secreto nas entrañas.

Son tan cobarde que nin sequera che preguntei se eu me parecía a Laura, porque sabía que ainda que dixeses que non, eu non te crería.

A miña loucura foi crer que non me amabas a min, senón a Laura que vias en min.

A respecto do meu traballo decidira que nada me impediría levar a cabo as miñas investigacións; que pasaría por riba de todo, como Maquiavelo.

Con respecto a ti, Mario, querido Mario, fun incapaz de deixar de amarte. Porque te amo tolamente, demencialmente.

O 16 de Setembro deille un caramelito infestado de ácaros quase-invulnerábeis a un neno de 9 anos que veu pola consulta. Mario, agora sabes o porque daquela violentísima crise de asma que lle quitou a vida ao pequeno Lois Lema unhas horas despois de pasármoslle revisión.

Nin sequera me apenei. Comecei a sentir como dentro miña latexaba cada vez con más forza a psicopatía.

Deime conta de que ter sasinado aquel neno para como experimentar con ratas.

Ademais, os ácaros comportáranse como eu agardaba e aquela morte viña sendo un éxito para o meu traballo. Máis nada.

Deixei de ver como persoas aos pacientes que pasaban pola consulta, e convertíronse en simples coellos de indias dos que non podía prescindir para levar a cabo os meus propósitos.

O seguinte chanzo que debía subir era descubrir porque hai persoas alérxicas e persoas non alérxicas aos ácaros. Cales, onde están as diferencias entrambas, se as houber. Debía contaminar con ácaros a unha persoa sen pasado alérxico e desta vez a quen lle dei o caramelito foi ao bedel regordecho e simpático que facía garda diante das escaleiras de acceso ás habitacións.

- Señor Paco, colla este caramelito e mire que sabor tan forte a anís... - dixéralle.

Ao día seguinte souben que morrera asfixiado por un acceso violento de asma durante a noite.

Aquello, a pesar da prematuridade das miñas probas, significaba algo extraordinario: quería dicir que non hai diferencias reais entre persoas alérxicas e persoas non alérxicas fronte unha variedade super-dañina de ácaros; que, se ben a Medicina aseguraba que a aparición de crises asmáticas dependía da constitución das persoas e que había persoas inmunes aos ácaros, eu estaba a ver cos meus ollos que todo o mundo podía sufrir ataques de asma alérxena ao ser atacado por ácaros dunha fortaleza comprobada, como aqueles que eran 100 veces más insidiosos cós vulgares.

E eu, Olivia Negro, acababa de descubrir aquela terrible verdade.

A principios deste mes comecei a redactar as miñas indagacións. Sabía que a súa publicación sería un dos booms científicos do ano. Que a luz pública e os foros especializados concentrarían a súa atención na estudante galega de Medicina que mantinha que, virtualmente, toda a Humanidade podía ser alérxica aos ácaros de pó.

Hoxe rematei a redacción da miña investigación. O traballo dun ano; a empresa de toda a miña vida.

Despois da segunda morte, Mario, acabei coa vida de 5 persoas máis sen pasado alérxica para asegurarme ao cento por cento da certeza da miña hipótese. A miña verdade.

Cada morte era unha satisfacción.

Lembro a túa desesperación diante de tal avalancha de asmas mortais. E a desesperación dos mellores especialistas de enfermidades respiratorias de Galicia; e a dos pneumólogos e toxicólogos que viñeron de Cataluña, Euskadi e Francia.

As autopsias presentaban unha eosinofilia maior do 45% na extensión sanguínea nas secreccións do tracto respiratorio e no moco bronquial dos cadáveres, desorbitadamente elevada, que significaba o diagnóstico dumha asma alérxica de violencia nunca vista; e descubrían inexplicables epidemias de infestacións parasitarias nas vias respiratorias e nos pulmóns que vos desconcertaban áinda máis.

Estábades todos tan desconcertados, meu amor. E ti sentíaste magoentado, e falábasme da impotencia que che corroia. “Olivia, meu amor, ¿de onde saíron estes ácaros que matan?”.

E eu contestábache “O que daría por sabelo, meu amor.”, con finxida amargura nos ollos, cinicamente.

Despois os médicos contaxiastes a vosa preocupación ou alarma á cidadanía. Os medios de comunicación comenzaron a despregar campañas de prevención contra aos asesinos más diminutos da Historia. “Hai que ter coidado cos libros vellos”, murmuraba a xente; e a xente ollaba con temor os libros, como se lles fosen saltar á iugular. É tan ridículo.

Falouse de que a culpa era da enferma capa do ozono e déronse outras explicacións disparatadas do que chamaban A Peste de Ácaros.

Así ata hoxe.

Querido Mario, nunca me atrevín a mostrarche a miña sombra. Por iso sei que son a muller más cobarde. Sempre temín que o calibre da miña sombra non se puidese medir. A extensión da miña loucura.

Unha noite soñei que deixaba de ser Olivia e que me convertía en Laura e foi un soño agradábel: era feliz; sen o recordo de meu pai tusendo envenenado; sen a ameaza da palabra psicopatía; sen as asfixias da asma.

Acordar foi dramático: simplemente odiei ser Olivia.

Estas son as miñas loucuras, Mario.

O esputo do asmático é adherente, espeso e branqueciño. Así é a miña loucura.

Sabes, Ernesto Sábato escribiu unha novela na que fala do inferno dun home enfermo e namorado, un tal Pablo Castell, que acaba matando a muller que ama. A súa enfermidade é a de vivir a súa vida como se esta fose un túnel. Hai unha única dirección, estreita, hostil e escura, e unha forza irresistible arrástrao por el trágicamente e sen trégua... É máis: o túnel está dentro del e á vez é o seu mundo.

Eu síntome como ese Pablo Castell.

Que casualidade, creo que a muller que ama Pablo se chama Laura.

Maldita Laura.

O que quero explicar, Mario, é que non lle puiden pechar as portas á loucura e entrar en ti.

Quero que saibas que te amo, Mario, que te amo.

Hai tres días dixeches en soños o seu nome. Murmuraches: "Laura, fala máis alto".

Nese intre tomei a decisión de escribir esta carta, con todas as consecuencias.

Acabáronse os segredos, Mario.

Cando dean co meu cadáver terei nas mans o manuscrito da miña investigación. Xa sabes, o traballo dun ano; a empresa de toda a miña vida.

Tamén escribin unha memoria pormenorizada dos 8 homicidios, incluindo o de meu pai.

Supoño que así, amais de crear unha gran conmoción pública, se esclarecerán moitas dúbihdas.

Olivia Negro non pode seguir sufrindo.

Sabes, cando nena estiven morta durante 10 minutos e 36 segundos exactamente. Pero agora sería moi longo de explicar.

Non me queda máis que dicirche adeus, perdón e, por derradeira vez, que te amo, que te amo, que te amo, Mario, ámote.

Xa sabes: Xulieta e Romeo, Bonnie an Clyde, Antígona e Hemón...

Se chegases a esta altura da carta axiña comprenderías porque a comecei escribindo: "Cando comeces a ler esta carta sentirásme moi adentro do corazón, pero cando deixes de lela estarei moi lonxe".

Se chegases...

Porque o que eu pronostico é que os ácaros mortíferos con que estou infestando o papel desta carta xa terán acabado -despois de dez minutos de lectura- coa túa vida, como comegan arhestra a acabar coa miña.

¿Para quen escribo entón?

Teñoo o tempo xusto para baixar a Correos, volver e morrer deitada sobre a miña sombra.

Oscar Wilde escribiu: "Todos matan o que aman;
uns fano coa ollada,
outros, con palabras de amor;
o cobarde, cun bico;
o valente, cunha espada".

Un bico.

Olivia Negro

OS ÁCAROS DO PÓ PROVOCAN EN GALICIA O 70% DAS ALERXIAS RESPIRATORIAS

Santiago. Redacción. Os ácaros do pó doméstico son a causa dun 70% das alerxias respiratorias en Galicia, comunidade cun alto grado de humidade, o que favorece o desenvolvemento destes arácnidos. Esta é unha das peculiaridades da enfermidade en Galicia, segundo a doutora Carmen Vidal, que participou no Curso de Alergoloxía que se celebrou na cidade desde finais de Outubro e que se clausurou onte. Segundo Vidal, a incidencia das alerxias en Galicia é similar ao resto de España, onde en torno ao 15% da poboación sofre esta doença nalgúnha das súas manifestacións.

En Galicia, un dos trazos diferenciais é a maior incidencia das alerxias respiratorias provocadas polos ácaros no pó doméstico. Carmen Vidal destacou que só un 30% das alerxias detectadas en Galicia se deben a outras causas. Dixo ademais que os expertos atribúen a maior frecuencia de alerxias nos últimos anos ao aumento da contaminación. Canto ás oito mortes por asma alérxica ocurridas o ano pasado, a doutora Vidal afirmou que a recén creada Unidade de Alerxia do Complexo Hospitalario de Santiago ainda segue investigando para darlle explicación á epidemia.

La Voz de Galicia, 27 de Novembro de 1996.

**MANUEL-ORESTES
RODRIGUEZ LOPEZ
FILLO PREDILECTO
DE PARADELA**

BIOGRAFIA

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, escritor e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral, traballando como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros nos que firma como Manuel Rodríguez López, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: “*POEMAS POPULARES GALEGOS*” (1968), “*SAUDADE NO BULLEIRO*” (1970), “*SOLDADA MINIMA*” (1979), “*ONTE E HOXE VIVENCIAL*” (1995) e “*A ATLANTIDA*” (1995), traducción ó galego da obra de Jacint Verdaguer. En prosa: “*REENCONTRO COA ALDEA*” (1983), “*GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982*” (1983), “*GALEGOS EN CATALUNYA-2*” (1985), “*VIAJES CON ANXEL FOLE*” (1988), “*FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989*” (1989), libro-programa das festas e “*VOLTA A ESPAÑA A PE*” (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopen “*HOMAXE O CHE*” (1970), “*A NOSA TERRA*” (de “Libro de Oro”, no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), “*HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO*” (1976), “*GALICIA NO ANO 1979*” (1979), “*JOSE M^A ACUÑA*” (1983), “*OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE*” (1986), “*VOCES POETICAS*” (1987) e “*ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA*” (1993).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía “*MEIGAS E TRASGOS*” de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas “*TI ES ETERNO*” e “*NEOPLASIA*”, respectivamente; o Premio Xosé M^a Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con “*A EMIGRANTE*” e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra “*NOITE DE NADAL*”.

En prosa, coa peza teatral “*VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA*”, conseguiu o primeiro premio “*Nós*” de Barcelona en 1980; ademais, en Sarria mereceron premio os seus contos “*A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS*” (1977) e “*QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO*” (1986) e, en Baracaldo, “*BAIXA VOLUNTARIA*” (1978). Nos “*PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO*”, quedou finalista na sección de “*Reportaxe*”, nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas* e *Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de “*Faro de Vigo*” e de “*El Ideal Gallego*” na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de “*El Progreso*” de Lugo, “*La Voz de Galicia*” e “*Praza Maior*” (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en “*Radio Nacional de España*” en A Coruña e “*Radio Popular*” de Lugo.

Xerardo Moscoso, Suso Vaamonde, Alfredo González e M^a Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado “**Fillo Predilecto do Concello de Paradela**” e “**Lucense del año**”, inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradela co nome de “*Manuel Rodríguez López*”.

DON ÁNXEL FOLE EN PARADELA

Con Fole tiñamos pasado por Paradela en varias ocasións sen demo-rarnos. El soamente estivera unha horas en Pacios no ano 36 para asistir a un mitin galeguista, cando era secretario do Partido por Lugo e tiña desexos de coñecer a realidade actual do Concello administrado por unha Corporación maioritaria de Coalición Galega.

Tra-lo breve e agradable paseo de trinta e catro kilómetros que sepa-ran Lugo da capitalidade de Paradela, na “Casa Serafín”, de Pacios, falamos demoradamente con Antonio Losada e co alcalde Xosé Manuel Mato. Don Anxel expuxo a súa teoría etimolóxica sobre “Losada”, que o Antonio seguiu con gran interese; o Xosé Manuel enumerou realizacións e proxectos do Concello; falouse de política e de horrendos recordos da guerra, que, pouco despois, na tenda do Teodoro, en Mosteirovello, trataríanse en profundidade ó recordar o “Garavito”, o “Bombas”, o “Elias”, o “Piloto” e tantos outros.

“No cuartel -dixo Fole cando Benxamín Andrade afirmou que o “Piloto” nunca fora tal “piloto”- ocorren as cousas más raras. Sendo eu recluta -engadiu-, tiñan mester dun cabo e nomeáronme a min sen máis”.

Don Anxel, que foi o número un na Escola de Guerra de Lugo, surriu, pousou a copa e continuou:

“Voulles contar e despois xuzguen vostedes: Xa saben que o día anterior a facer “guardia” toca “imaxinaria”. Eu pregunteille ó meu superior qué quería dicir “servicio de imaxinaria” e contestou: “que el día anterior tiene que imaginarse la guardia del día siguiente””.

O académico fixo unha pausa e, erguendo a man cun xesto denunciador, dixo: “Pásmense vostedes. O oficial non sabía que o exército romano tiña uns mítiles chamados “servicio de imaxinaria”, que eran os encargados de alimentar as luces de aceite para alumear as imaxes que presidían as centurias e as lexións”.

Manuel Rodríguez López

Do libro “VIAJES CON ANXEL FOLE”
(Ediciós do Castro-Sada-A Coruña, 1988)

ODA PARA ANXEL FOLE

Ourive da palabra anterga recollida
na fraga do Caurel ou nos verdecentes recantos
da Veiguiña. Testemuño
de medos tremebundos do alén
que, na noite inverniza, “á lus do candil”,
mistúranse coas sombras estarrecedoras
da cociña terrea.

Ilustre bardo que escribiches
a epopeia inmortal dunha “terra brava”
na que se xunguen en simbiose ancestral
arrepiantes ouceos que entalan o peito,
o ruxir da arroiada treboenta,
o abafante caldo do mes da sega
e o ricaz agromar da farturenta primavera.

Intérprete varil da voz dun pobo
nobre e sinxelo, merecente
do teu verbo xenial!

Lucencio, Eginardo de Tor, Magister Gaudiosus,
Basiense, Farruco de Caldas, Vicense,
Lucus, Don Fabulón...

Que ventureira restra de nomes lucidíos
-pólás vizosas do lanzal carballo-
no “alter ego” de Fole,
arqueólogo da lingua, señor de Basille,
de Romeán e de Córneas, de Quiroga e de Arcos!

Inspirado poeta de harmonías musicais
que deitan do mais íntimo
do teu ser xeneroso e puro
como as augas da verde serra.

Enxebre narrador de “historias que ninguén cre”
adubidas no cruxol do misterio,
e de “contos da néboa” da Galicia eterna
que levas cravuñada no teu peito nobre!

Anxel Fole dador de vida, alma e sangue
a tres xeneracións que viven no “cartafolio de Lugo”.
Sigue, mestre, a falarnos de etimoloxías,
do primeiro cinema, do Papaovos,
do aviador Garnier, de Xan de Forcados,
do primeiro teléfono,
dos poemas de “Yunque”
e non esquezas, sí señor, o “pauto do demo”
que, xa sabes, na nosa terra ó demo,
polo sí ou polo non,
hai que prenderlle o cabo dunha vela!

Manuel Rodríguez López

Do libro “VIAJES CON ANXEL FOLE”
(Ediciós do Castro-Sada-A Coruña, 1988)